Acta da sesión da Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, do día 13 de xuño de 2024

[MVAG/RMBV]

Na sala de comisións do pazo Parlamento de Galicia reúnese a **Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo,** o día **13 de xuño de 2024, ás 10:30 horas,** logo da convocatoria remitida para o efecto.

Asisten as persoas que se relacionan a seguir:

Mesa:

Dona Cristina Sanz Arias
(Presidenta)

Dona María Deza Martínez
(Vicepresidenta)

Dona Noa Olalla Presas Bergantiños
(en substitución de Don Ramón Tomás Fernández Alfonzo)
(Secretaria en funcións)

Vogais:

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Dona Raquel Arias Rodríguez
(en substitución de Dona María Encarnación Amigo Díaz)
Don Víctor Manuel Baladrón Lamas
Don Enrique Barreiro Sánchez
Don Juan Manuel Casares Gándara
(en substitución de Don José Manuel Mato Díaz)
Don Miguel Fidalgo Iglesias
(en substitución de Don José Alberto Pazos Couñago)
Dona María Dolores Hermelo Piñeiro
Don Rubén Lorenzo Gómez

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego (BNG):
Don José Manuel Golpe Acuña
Dona Carmela González Iglesias

Don Brais Ruanova Vilas-Boas
Don Iago Suárez Fernández
(en substitución de Don José Daniel Pérez López)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia (S):
Dona Patricia Iglesias Rey
Dona Lara Méndez López

.../...

[MVAG/RMBV]

Grupo Parlamentario Mixto (M):
Don Armando Ojea Bouzo

Comparecentes:

Director da Axencia Galega de Turismo
Director Xeral de Comercio e Consumo
Director da Axencia Galega de Infraestruturas-AXI

Letrado/Letrada:

María Vicenta Aneiros González

PARLAMENTO DE GALICIA

A Sra. presidenta abre a sesión e rógalle á Sra. Secretaria suplente que lle dea lectura á relación de membros titulares da Comisión para os efectos de comprobar a existencia de quórum de constitución. Logo da constatación deste, éntrase no desenvolvemento da orde do día obxecto desta sesión.

A Presidencia informa da alteración na orde de tramitación das iniciativas que figuran no punto primeiro, consistente en substanciar, en primeiro lugar, a iniciativa que figura como segunda (documento número 2383); en segundo lugar, a iniciativa que figura como primeira (documento número 687), en terceiro lugar, a iniciativa que figura como cuarta (documento número 4935) e, en cuarto lugar, a iniciativa que figura como terceira (documento número 4570). Non se manifestan obxeccións a este respecto, polo que se considera aprobada por asentimento a devandita alteración.

Sen máis éntrase no desenvolvemento da orde do día e pasase á tramitación do punto primeiro co debate da segunda iniciativa:

Punto 1. Preguntas

A Sra. Presas Bergantiños (BNG), abandona o seu posto na Mesa da Comisión e pasa a ocupar o se escano cos membros do seu grupo parlamentario, para participar no debate da iniciativa (artigo 82 do Regulamento do Parlamento de Galicia).

1.2 383 (12/POC-000389)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa Olalla e Pérez López, José Daniel
Sobre os datos e os resultados do SPA e do centro de viñoterapia instalados no mosteiro de San Clodio de Leiro, así como sobre a xestión desenvolvida pola empresa concesionaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 21f2, do 03.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra á Sra. Presas Bergantiños (BNG), que procede á formulación concreta das cuestións que figuran na iniciativa.

Para a súa resposta intervén, por parte da Xunta de Galicia, José Manuel Merelles Remy, director da Axencia de Turismo de Galicia, que responde as cuestións da iniciativa.

En rolda de réplica a Sra. Presas Bergantiños (BNG) formula novas preguntas e aporta novos datos relacionados co dito na intervención anterior.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do Sr. Merelles Remy, que fai novas aclaracións sobre o tema que se está a tratar e responde ás preguntas feitas pola deputada propoñente desta iniciativa.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.1 687 (12/POC-000059)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Lorenzo Gómez, Rubén e 8 máis
Sobre as medidas e obxectivos que se contemplan no Plan de acción de calidade e sustentabilidade turística de Galicia 2024
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 11f1, do 15.04.2024

A Presidencia concédelle a palabra ao Sr. Lorenzo Gómez (P) que, antes de proceder á formulación concreta das cuestións que figuran na iniciativa, agradece a presenza na comisión do Sr. Merelles Remy, director da Axencia e Turismo de Galicia.

Para a súa resposta intervén por parte da Xunta de Galicia o Sr. Merelles Remy.

En rolda de réplica intervén de novo o Sr. Lorenzo Gómez (P), que agradece a intervención do Sr. Merelles Remy e aporta novos datos ao respecto da iniciativa que se está a tratar.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do Sr. Merelles Remy, que continúa coa súa intervención.

A presidenta agradece a presenza do director da Axencia de Turismo de Galicia e escusa a súa ausencia da Comisión.

1.4 4935 (12/POC-000699)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sanz Arias, Cristina e 8 máis
Sobre os proxectos que pretende financiar a Xunta de Galicia coa nova convocatoria de axudas para pór en valor os centros comerciais abertos e fortalecer a oferta comercial
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 34f2, do 05.06.2024

A Presidencia concédelle a palabra á Sra. Hermelo Piñeiro (P), que dá a benvida ao director xeral de Comercio e Consumo, e procede á formulación concreta das cuestións que figuran na iniciativa.

Para a súa resposta intervén, por parte da Xunta de Galicia, Gabriel Alén Castro, director xeral de Comercio e Consumo, que responde á pregunta formulada nesta iniciativa.

En rolda de réplica, a Sra. Hermelo Piñeiro (P) agradece a resposta e continúa aportando datos ao respecto do tema que se está a tratar.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do Sr. Alén Castro, que incide nas novidades que se están a producir respecto deste tema e fala tamén do compromiso da dirección xeral para escoitar a este sector e dotalo de ferramentas de apoio.

PARLAMENTO DE GALICIA

1.3 4570 (12/POC-000652)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Iglesias Rey, Patricia e 3 máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do inicio da licitación e execución da primeira fase da variante da circunvalación de Carballo, que conectará o polígono industrial de Bértoa co sur da localidade
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f4, do 29.05.2024

A Presidencia concédelle a palabra á Sra. Iglesias Rey (S), que procede á formulación concreta das cuestións que figuran na iniciativa e pide ao director xeral un compromiso para o polígono industrial de Bértoa para o ano 2025.

Para a súa resposta intervén, por parte da Xunta de Galicia, Francisco Menéndez Iglesias, director da Axencia Galega de Infraestruturas-AXI que explica as cuestións que expón na súa resposta.

En rolda de réplica, a Sra. Iglesias Rey (S) agradece a claridade das explicacións do Sr. Menéndez Iglesias e pídelle que concrete os datos sobre a previsión de prazos e execución dos proxectos.

Péchase o debate desta iniciativa cunha nova intervención do Sr. Menéndez Iglesias, que responde ás novas preguntas formuladas.

A presidenta agradece a súa intervención na Comisión.

Pide a palabra o Sr. Lorenzo Gómez (P) por alusións na intervención da deputada socialista (artigo 76 do Regulamento do Parlamento de Galicia), para facer as aclaracións que considera pertinentes.

A presidenta escusa a ausencia da Comisión do director da Axencia Galega de Infraestruturas-AXI e dá paso ao punto 2 da orde do día.

Punto 2. Proposicións non de lei

2.1 1573 (12/PNC-000186)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Ruanova Vilas-Boas, Brais e 2 máis
Sobre as actuacións que o Goberno galego debe levar a cabo co fin de promover a instalación en Galicia de actividades industriais do ámbito do automóbil que consoliden o sector e diminúan a súa dependencia exterior
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

A presidenta informa da presentación dunha emenda de modificación, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia (documento número 5694) e doutra de substitución por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia (documento número 5695).

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

Ten a palabra o Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG), propoñente desta iniciativa, que fai as súas alegacións defendendo a proposición do seu grupo parlamentario.

Ten agora a palabra a Sra. Iglesias Rey (S), dun dos grupos parlamentarios emendantes, que fai alegacións respecto da iniciativa e defende a emenda de substitución presentada polo seu grupo parlamentario.

Adianta que apoian o punto 2 desta iniciativa.

Afirma que lles gustaría que se aprobase a emenda ao punto primeiro desta iniciativa. De non ser así, solicitarán a votación por puntos.

A presidenta dálle a palabra ao Sr. Fidalgo Iglesias (P), do outro grupo parlamentario emendante. Entra na materia da iniciativa facendo as súa alegacións no senso do seu apoio ao sector da automoción e expón e defende a emenda de substitución presentada polo seu grupo parlamentario.

Ten agora a palabra o Sr. Ojea Bouzo (M), que fai as súas alegacións a esta iniciativa aportando datos dunha proposta presentada no Pleno da Cámara polo seu grupo parlamentario, respecto deste mesmo tema.

Adianta que lles parece ben a proposición e non se van a opoñer á súa aprobación.

A Presidencia concede a quenda de réplica ao Sr. Ruanova Vilas-Boas (BNG), propoñente da iniciativa, que responde ás intervencións feitas polos outros grupos parlamentarios.

Pide ao Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia unha transacción da emenda.

Non aceptan a emenda de substitución presentada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia (documento número 5695).

A presidenta solicita o texto da transacción da emenda do Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia (documento número 5694) para ler ao final das intervencións.

A Presidencia dá paso ao punto 2.2 da orde do día.

Informa da presentación dunha emenda de substitución presentada polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia (documento número 5696).

2.2 4298 (12/PNC-000528)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia
Sobre as accións que debe impulsar o Goberno galego co obxecto de integrar a consolidación da Ribeira Sacra como destino turístico dentro dos obxectivos da súa

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

candidatura á declaración de Patrimonio da Humanidade da Unesco
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 31f2, do 29.05.2024

Ten a palabra a Sra. Méndez López (S), que fai a exposición da proposición do seu grupo parlamentario no senso en que está publicada.

A Presidencia dálle a palabra á Sra. Arias Rodríguez (P), deputada do grupo parlamentario emendante, que fai as súa alegacións ao respecto do tema da iniciativa.

Afirma que a emenda pretende, polo menos, chegar a unha transacción.

Ten a palabra o Sr. Ojea Bouzo (M), que fai as súa alegación a esta iniciativa aportando datos novos sobre a masificación da zona, o estado dos viais e a necesidade de inversión en infraestruturas.

Adianta o seu apoio á iniciativa.

Na quenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego toma a palabra o Sr. Suárez Fernández (BNG) que expón as súas alegación á iniciativa incidindo no problema que presenta a toponimia e poñendo exemplos.

Fai alusión á necesidade dun debate honesto respecto das consecuencias que pode ter na poboación desta zona a declaración da Ribeira Sacra como Patrimonio da Humanidade.

Propoñen dous temas de interese que son as lanzadeiras de autobuses das que se poida beneficiar a poboación local e o plan de substitución paulatina das embarcacións usadas no Sil. Propoñen a utilización de fondos europeos para contribuír á descarbonización.

A presidenta dálle a quenda de peche a Sra. Méndez López (S) e pídelle que se posicione respecto da emenda de substitución do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.

A Sra. Méndez López (S) fai as alegacións pertinentes ás intervencións anteriores.

Pide un receso na reunión da Comisión para intentar chegar a un acordo na transacción da emenda.

O Sr. Fidalgo Iglesias pide a palabra por alusións (artigo 76.3 do Regulamento do Parlamento de Galicia).

Unha vez finalizado este tempo de intervención, a presidenta dá paso ás votacións:

2.1 1573 (12/PNC-000186). Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal separado por puntos:

Punto 1º: resulta rexeitado por:
- Votos a favor.....6

.../...

PARLAMENTO DE GALICIA

- Votos en contra 9
- Abstencións.....2

Puntos 2º e 3º: resultan rexeitados por:
- Votos a favor.....8
- Votos en contra.....9
- Abstencións.....0

2.2 4298 (12/PNC-000528). Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia. Sométese a votación o texto resolutivo orixinal e resulta rexeitada por:
- Votos a favor.....8
- Votos en contra.....9
- Abstencións.....0

A presidenta amosa o seu agradecemento aos servizos da Cámara.

Remata a sesión ás 13:36 horas.

Cristina Sanz Arias

V. º B.º
Cristina Sanz Arias
Presidenta da Comisión

Firmado digitalmente por Cristina Sanz Arias
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Cristina Sanz Arias, email=cristina.sanz.arias@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.06.18 11:03:12 +02'00'

Noa Presas Bergantiños

Firmado digitalmente por Noa Presas Bergantiños
Fecha: 2024.06.18 10:21:34 +02'00'

Noa Olalla Presas Bergantiños
Secretaria en funcións da Comisión